MÁIS INFORMACIÓN

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles
Tlf.: 981 542 960

http://dxsp.sergas.es

UNIDADES DE VIH/SIDA DOS HOSPITAIS DE GALICIA

Hospital Juan Canalejo
Servizo de Medicina Interna
As Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña
Tlf.: 981 178 000

Hospital Clínico Universitario de Santiago
Servizo de Medicina Interna
Travesía da Choupana, s/n
15706 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 950 000

Hospital Arquitecto Marcide
Servizo de Medicina Interna
Estrada San Pedro de Leixa, s/n
15045 Ferrol
Tlf.: 981 334 000

Complexo Hospitalario Xeral-Calde
Servizo de Medicina Interna
Rúa Doutor Severo Ochoa
27004 Lugo
Tlf.: 982 296 000

Complexo Hospitalario de Ourense
Servizo de Medicina Interna
Rúa Ramón Puga, 54
32005 Ourense
Tlf.: 988 385 500

Hospital Provincial de Pontevedra
Servizo de Medicina Interna
Rúa Loureiro Crespo, 2
32002 Pontevedra
Tlf.: 986 800 000

Hospital Xeral-Cies
Servizo de Medicina Interna
Rúa Pizarro, 22
36204 Vigo
Tlf.: 986 816 000

Hospital do Meixoeiro
Servizo de Medicina Interna
O Meixoeiro, s/n
36200 Vigo
Tlf.: 986 811 111

Hospital Povisa
Salamanca, 5
36211 Vigo
Tlf.: 986 413 144

Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias
Tlf.: 981 541 860

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

XUNTA DE GALICIA

Que é o VIH e a sida?

O VIH é o virus da inmunodeficiencia humana, máis coñecido por ser o virus que causa a enfermidade da sida (última etapa da infección polo VIH).

Como se transmite o VIH?

- por vía sexual (a vía máis importante a nivel mundial).
- por vía sanguínea (sobre todo por compartir materiais de inxección de drogas).
- da nai portadora ao fillo (embarazo, parto e lactación). Esta vía de transmisión pódese reducir, case na súa totalidade, cun bo seguimento médico do embarazo.

A infección polo VIH non se transmite por bicarse ou acariciarse, nin na convivencia no domicilio, no traballo, na escola, en actividades de ocio, deportivas, nin por compartir cubertos, vasos, roupa, etc.

Como se pode previr a infección polo VIH?

A práctica do sexo seguro e non compartir materiais de inxección son as medidas para impedir a transmisión do VIH. O preservativo protexe do VIH e doutras infeccións de transmisión sexual.

Por que é recomendable facer a proba do VIH?

Un resultado negativo da proba dará tranquilidade ás persoas preocupadas pola transmisión despois de prácticas de risco. Así mesmo, pode contribuír a concienciarse do abandono das ditas prácticas.

Nas persoas que teñan un resultado positivo ao VIH, coñocer a súa situación permite que poidan beneficiarse dun seguimento médico axeitado. O tratamento cos novos fármacos antirretrovirais melloran dun modo moi importante a calidade e expectativa de vida das persoas afectadas. Diagnosticar a infección precozmente é fundamental.

Estímase que arredor dun terzo das persoas que están infectadas polo VIH non o saben porque non fixeron nunca a proba. Coñecer a infección contribuirá a evitar a transmisión ás súas parellas.

Quen debe facer a proba do VIH?

Calquera persoa é susceptible de contraer a infección polo VIH, pero existen algunhas situacións en que o risco de transmisión está incrementado. Por esta razón é recomendable que fagan a proba do VIH:

- As persoas que teñen relacións sexuais sen preservativo con múltiples parellas de distinto ou do mesmo sexo.
- As persoas que compran ou venden servizos sexuais e que teñen relacións sexuais sen preservativo.
- As persoas que teñen relacións sexuais sen preservativo con parellas con prácticas de risco para esta infección.
- As persoas que teñen relacións sexuais sen preservativo con parellas que están infectadas polo VIH.
- As persoas diagnosticadas doutras enfermidades de transmisión sexual.
- As persoas que compartiron materiais para a inxección de drogas (xiringas, agullas, culleres, filtros, etc.).
- As persoas que tiveron exposición accidental a sangue ou fluídos sexuais (profesionais sanitarios, persoas con picadas ou cortes con materiais infectados, agresións sexuais, etc.).
- As mulleres que pensen ter un fillo. En Galicia ofértase a proba do VIH a todas as embarazadas.
- As persoas que independentemente de que manifesten ou non prácticas de risco queiran facer a proba por desexo propio.

Para que o resultado da proba sexa fiable debe realizarse tres meses despois da última práctica de risco.

Non esperes a que che propoñan a proba ¡pídea ti!

Onde podemos facer a proba do VIH?

Podes acudir ao teu médico de cabeceira. Consulta cos profesionais sanitarios todas as túas dúbidas.

É unha proba sinxela para a que só se necesita unha pequena extracción de sangue.

A realización da proba é confidencial e gratuíta (nos centros do SERGAS).

... se tiveches prácticas de risco
non o dubides, **fai a proba**
sairás gañando ...